



Actividades

rodeira



Actividades
Solucionario

1. Completa a ficha do libro

Título:
Autor/a:
Editorial:
Colección:
Ano de edición:
Lugar de edición:
ISBN:
Número de páxinas:

2. As seguintes palabras fan referencia ás partes externas dun libro. Identifícaas e describe que tipo de información aparece en cada unha delas neste libro.

* Cuberta.

* Contracuberta.

* Lapela.

* Lombo.

3. Despois de ler o libro, contesta estas preguntas:

* Por que cres que o autor o titula *Territorio descoñecido*? Propón outro título.

* Resume brevemente o argumento do libro.

* Deseña unha nova portada (fotografía ou debuxo).

4. O libro trata sobre... Sinala a opción ou as opcións que che parezan máis correctas e razoa a túa elección. Pensa que para iso debes ter en conta a globalidade do relato. Comparte a túa opinión co resto dos compañeiros e defende a túa postura razoando a túa elección.

- A consideración das amizades como vínculos de felicidade.
- A capacidade de resolución ante os imprevistos.
- A tolerancia e a aceptación das diferenzas.
- A importancia da saúde física e mental.
- A procura e a loita polo éxito.
- A toma de decisións como símbolo de madurez e empatía.

5. Os tres grandes xéneros literarios son a narrativa, o teatro e a lírica.

* Define cada un dos tres estilos cunha ou dúas frases (podes consultar fontes externas).

* A que xénero literario corresponde a obra concreta que liches? Por que?

6. Cal é o papel que desempeña cada un destes personaxes na historia? Identifícao brevemente.

- * Alberto Soler.
- * Diego Zamora.
- * Alicia Soler.
- * Tomás Valverde.
- * Marta Arteaga.
- * Jessica Carrillo.
- * Ángela Padilla.
- * Isabel Ramís.
- * Carlos Zamora.
- * Raúl Ortiz.
- * Óscar Redondo.

7. A novela remata cun epílogo escrito polo autor.

- * Que achega este epílogo á novela?
- * Cres que é necesario que apareza na novela?
- * Sorprendeuche o que narra? Por que?

8. Alicia Soler gravou vídeos de Tomás para ridiculizalo e subiunos a Instagram.

- * Segues a alguén nesta rede? Que tipo de contido ofrece?
- * Á parte desta rede social, coñeces algunha máis? En que consisten? Cales usas persoalmente?
- * Canto tempo ao día lle dedicas ás redes sociais? Consideras que poderías reduci-lo?
- * Cres que as redes sociais son un medio adecuado para compartir información ou experiencias persoais? Teñen certos perigos? Como os evitas ti?

9. Tras esta reflexión, atrévete a ser coma ela e crea unha publicación que mostre o que pensas. Elabora un guión sobre o que dirías e, posteriormente, represéntao diante dos teus compañeiros en vivo ou en forma de gravación. Instagram e os seus *likes* estante esperando!

10. Desde un principio, Ángela Padilla inicia unha investigación para resolver o incendio que se produce no almacén de Alberto Soler. Para esclarecelo, vai buscando pistas en encontros cos distintos personaxes. Escribe que pistas achega cada un deles.

PERSONAXES	PISTAS

11. Como liches, nun intento de suicidio tras a publicación dos vídeos de Alicia Soler en Instagram, Tomás inxire unhas pastillas que o levan ao hospital. En grupos de 4-5 integrantes, pensade que ideas poderíades achegar ao tema e despois deseñade con elas un artigo xornalístico real que trate sobre o tema da «saúde mental».

12. Elixe cinco personaxes concretos do libro e enche esta ficha coas súas principais características externas e internas.

	PERSONAXE	CARACTERÍSTICAS EXTERNAS	CARACTERÍSTICAS INTERNAS
1			
2			
3			
4			
5			

Despois, contesta as seguintes preguntas: con cal de todos estes personaxes te identificas máis?, por que?

13. Nun momento dado, Isabel e Diego (amigos da infancia de Tomás) escriben unha carta para denunciar a humillación que sufría Tomás. Na novela non aparece o texto da carta. Se a escribises ti, que porías nela? Onde a deixarías? Faríalo doutra maneira? Reproduce o texto que escribirías.

14. Tomás ten unha experiencia desagradable con Isabel que se converte nun feito clave no desenvolvemento da historia. Lembra que sucedeu e trata de concretar como farías fronte a esa situación...

- * Co teu mozo.
- * Cos teus pais.
- * Cos teus amigos.
- * Contigo mesmo.

Con todo iso, como cres que deben ser as relacións de parella? Que cres que é necesario? Que cres que resulta tóxico?

- 15.** Se algo caracteriza a Ángela como policía é a paixón polo seu traballo. Por iso, atrévete a ser ela e elabora tres estrofas de catro versos nas que contes algunha paixón túa de forma detallada. Despois, compártea cos teus compañeiros poñendo en práctica unha correcta entoación poética.
- 16.** Admirar a outras persoas é un bonito xesto de humildade e inspiración humana. No libro, isto pódese ver reflectido nalgúns personaxes e na relación que se establece entre eles. Agora tócache a ti ser o protagonista e elixir unha persoa concreta a quen admires persoal ou profesionalmente. Ao que o teñas claro, arríscate a escribirlle un correo e... envíallo!
- 17.** O libro está composto por 24 capítulos sen título. Cada capítulo aborda a historia desde os distintos personaxes. Agora tócache a ti ser o autor e escribir o título de 10 capítulos que fosen do teu agrado e unha opinión sobre eles.

1	
2	
3	
4	
5	
6	
7	
8	
9	
10	

18. Ao longo da historia fálase do aspecto e da importancia do propio corpo, así como do cambio físico de Tomás. Reflexiona sobre este aspecto e contesta as seguintes preguntas. Despois podes defender a túa postura nun debate aberto cos compañeiros.

- * Cres que o aspecto físico fai que as persoas nos comparemos entre nós?
- * Unha persoa forte ten máis valía ca outra que non o é?
- * Ten algo que ver ser popular no instituto con estar musculado?

19. Reflexiona sobre o argumento do libro e despois inventa un novo final para a historia (mínimo 15 liñas).

20. Fai unha valoración crítica do libro que liches.

- * Gustouche a novela? Razona a túa resposta.
- * Consideras que o argumento da obra é creíble?
- * Recomendarías esta lectura aos teus amigos? Razona a túa resposta.
- * Coñecías o autor? Liches algún outro libro seu? Cal?